

†
MORRAOCENTO

MIGUEL GENDRE

LIDIA VEIGA

TRO- MSØ

LARA POUSO

DIRECCIÓN

RAFA MARTÍNEZ
ESTHER LATORRE

MÚSICA EN DIRECTO

JULIA AMMERMAN
LUCÍA IGLESIAS

ILUMINACIÓN

JOSÉ FARO "COTI"



FICHA ARTÍSTICA

DIRECCIÓN, TEXTO E DRAMATURXIA_ Rafa Martínez
DIRECCIÓN COREOGRÁFICA E DE MOVEMENTO_ Esther Latorre

ELENCO_ Miguel Gendre, Lara Pouso, Lidia Veiga

MÚSICA EN DIRECTO_ Julia Ammerman, Lucía Iglesias

AXUDANTE DE DIRECCIÓN_ Clara Martín

DESEÑO DE VESTIARIO_ MORRAOCONTO, Ana Gesto

ESPAZO ESCÉNICO_ MORRAOCONTO, José Faro “Coti”

DESEÑO DE ILUMINACIÓN_ José Faro “Coti”

VOZ EN OFF_ Lidia Veiga

MÁSCARAS_ Rafa Rey Domech

ANIMACIÓN, DESEÑO E IMAXE GRÁFICA_ Rafa Martínez

CÁMARA E CORRECCIÓN DE COR_ Román Sanín

PRODUCE_ MORRAOCONTO, Xunta de Galicia

COLABORA_ Concello de Ames, Concello de Santiago, Concello de Vimianzo, Concello de Arzúa, Deputación da Coruña, CEMMA Cetáceos.

AGRADECEMENTOS_ Alfredo López (CEMMA Cetáceos), Roberto Salgueiro, Ana Gesto, Manu Lago, Paula Quintas, Sheyla Fariña, Edu Iglesias, Pilar Martínez, Mani.

DURACIÓN_ 80 minutos

SINOPSE

Cando un ser querido nos deixa, o baleiro que queda énchenos dun silencio que, ás veces, nunca conseguimos facer desaparecer. Un silencio que se aferra ao corazón apagando para sempre parte da súa luz.

Tromsø é unha reflexión en clave de humor dende a perda. Sobre a vida, a morte e todo o que queda entre medias. É un canto á tristura pero tamén á esperanza. Unha viaxe épica polos mares do norte, navegando tormentas, fiordes e enormes cardumes de arenque, na procura de respostas nun lugar onde as candorcas, co seu canto, desgarran o silencio salvaxe da aurora boreal.

“O día que eu nacín, alguén que non consigo recordar, agasaloulle a miña nai unha pequena planta de tronco pequeno e estreitas e alongadas follas a piques de se murchar. Mais o que descoñecía, era que o meu destino remataría irremediabilmente ligado ao desa maldita drácena maltreita que medraba silendeira na beiriña do salón. E que me empurraría case trinta anos máis tarde a navegar á deriva, completamente perdido, polo círculo polar”.

Este é o punto de partida no que, **Él**, facendo un repaso pola súa vida se percata de como esta quedou marcada para sempre pola drácena que durante vinte anos medrou inadvertida á beiriña da ventá, xunto ao sofá. Un agasallo de nacemento que se transformaría na primeira experiencia profunda que tería coa morte e, ademáis, a primeira pena de tantas que, sen saber moi ben cómo, cargaría para sempre no seu corazón.

Agora, cheo de máis tristura e incerteza da que ninguén podería soportar, decide partir cara Tromsø, navegar as xélidas augas do mar de Noruega e buscar un lugar onde desfacerse de todo ese pesar, coa esperanza de que tal vez, na fin do mundo, él e a drácena que o acompaña atopen as respostas que andan buscando.





'TROMSØ' de Morraconto foi, para min, a grande sorpresa. Outra maneira de facer e de entender o teatro. Beleza da música en directo, beleza dos deseños gráficos e animados e de todo o coidado visual, beleza do movemento, beleza dos diálogos... e toda esa beleza inzada dun humor case absurdo, dunha simpatía limpa, e tamén inzada dunha emoción contida. (...) Pero todo isto non xermola desde a interpretación dalgo externo ou desde a documentación. Este espectáculo non é a investigación e a interpretación deses temas. Non o parece. Pode sentirse que é a decantación dalgo que se foi cocendo a lume lento, algo que estaba aí e que agora sae como un volcán en erupción. Hai verdade e unha estética teatral anovada, sen poses. (...) Unha marabilla!

Afonso Becerra (03/06/25)

“A Odisea íntima de Tromsø, a primeira montaxe de morraoconto, lévanos ata esta cidade setentrional de Noruega navegando entre ondas de poesía, humor, melancolía, música e danza na compañía de candorcas. Facendo que o público atope a emoción a través das súas propias perdas.”

Pilar García Rego, ZigZag, TVG (20/03/25)



A peza viaxa co espectador dende Galicia a Escandinavia, facendo paradas vitais en Bergen, Lofoten e Tromsø, que invitan á reflexión sobre temas tan diversos e relacionados entre sí como son a saúde mental, a perda, o medio ambiente, a beleza da arte e o futuro que deixamos para os que veñen detrás. De xeito transversal, afóndase na biodiversidade mariña posta en relación coas costas galegas. En Galicia, moita xente vive do mar e convive con él como eixo central nas súas actividades. O mesmo sucede no norte de Noruega.

Desxeo como consecuencia do quecemento global, problemas derivados das interaccións cos humanos por mor das novas rutas de migración, afectan a ambas comunidades e á sociedade no seu conxunto. Un espazo a compartir no que os humanos sempre acabamos por gañar terreo en detrimento dos seus verdadeiros habitantes que, a diferenza de nós, carecen do privilexio de decidir sobre os seus recursos e o seu fogar.

As candorcas son animais pacíficos e extremadamente intelixentes. A súa mala fama ven de lonxe por unha mala tradución do inglés: “*killer whales*” (baleas asasinas) cando o que son en realidade é asasinas de baleas, ademáis de pola súa distorsión cinematográfica.

As áreas do seu cerebro adicadas a empatía son por moito mais grandes ca nos humanos. Os estudos científicos defenden que esta especie posúe un sistema de relacións emocionais e afectivas moi complexo, sendo os grupos familiares organizacións matriarcais. A comunicación cambia e evoluciona constantemente, variando entre as diferentes familias e zonas nas que se distribúen, producindo en consecuencia unha gran riqueza e variedade dialectal.



TRO-
MSØ

“Un traballo que palpita ao redor da primeira perda dende un lugar poético pero, ao mesmo tempo, moi cómico; cun sentido do humor moi particular. E é nesa mestura onde aparece unha voz propia, orixinal e novedosa. TROMSØ ven con aire fresco, cargado de personalidade. Un espectáculo moi tenro, con todas as capas moi ben armadas no que é moi doado mergullarse nese imaxinario e situarte a ti tamén nese lugar”.

Iria Sobrado (Zig Zag, 17/06/25)



TRO-
MSØ

TROMSØ foi un dos seleccionados para recibir as axudas á **Nova Creación da AGADIC 2024**, acadando a segunda mellor puntuación polo xurado de entre máis de sesenta proxectos presentados.

Trátase dun espectáculo **multidisciplinar** que hibrida **teatro, danza, máscaras, visuais e música en directo**.



Fotografía: Rocío Cibes

TRO-
MSØ

TROMSØ foi un dos espectáculos seleccionados para participar en formato completo no **Galicia Escena Pro 2025**.
(03/06/25 CDG Salón Teatro)



Fotografía: Román Sanín

TRO-
MSØ

MATERIAL MULTIMEDIA

TEASER



 YouTube

CRÍTICA AFONSO BECERRA



 PODCAST

ENTREVISTA LIDIA VEIGA



 YouTube

CRÍTICA IRIA SOBRADO



 YouTube

REPORTAXE ZIGZAG



 YouTube

RIDER TÉCNICO



ESPAZO ESCÉNICO

- Ancho mínimo: 8 metros
- Alto mínimo: 6 metros
- Fondo mínimo: 7 metros
- Paredes y fondo negro mate
- Suelo blanco o negro. (Moqueta blanca aportada por la compañía)
- Aforo a la italiana
- 1 kayak biplaza de 4'5 metros de longitud. (Aportado por la compañía)
- Árboles suspendidos de varas (Aportados por la compañía)

MAQUINARIA

- Vara para colgar aro metálico de proyección de 2'20 metros de diámetro. Peso aproximado: 5 Kg
- Vara para colgar kayak biplaza. Peso aproximado: 30kg

ILUMINACIÓN

- 400 v
- 9 par led rgbwa
- 12 par lámpara cp60
- 12 recortes etc 25/50 750W
- 10 pc 1KW
- 1 máquina de Humo, Niebla dmx. O ambas. (Humo aportada por la compañía)
- 1 máquina de nieve confeti (Aportada por la compañía)

VÍDEO

- 1 Proyector 8500 lumens laser con ópticas intercambiables.

SON

- 4600 W
- Música en directo. Posibilidad de utilizar piano en lugar de teclado si el teatro dispone de uno.
- Cableado necesario.

MONTAXE

- Tempo (montaxe)
210min + 60min afinamentos
- Persoal necesario (montaxe)
3 (2 personas aportadas pola compañía)
- Tempo (desmontaxe)
80 min



TRO-
MSØ



A COMPAÑÍA

MORRAOCONTO somos Rafa Martínez, Lara Pouso e Miguel Gendre.

MORRAOCONTO nace no verán de 2021 en Santiago de Compostela, cando a equipa converxe nun traballo común para o festival USCénica.

A compañía créase como resposta á necesidade de crear unha plataforma de xestión propia coa que levar a cabo diferentes proxectos, partindo das artes escénicas como eixo principal, e diverxendo en distintos eidos como: a creación escénica, audiovisual, música, danza, divulgación e a formación.

MORRAOCONTO tenta aportar un valor engadido nas súas propostas escénicas, entendendo os nosos procesos creativos como espazo de colaboración no que traballar con artistas e profesionais de diferentes disciplinas aos que invitamos a mergullarse no noso imaxinario. O noso traballo sustentámolo en tres pilares fundamentais:

•**Liberdade creativa:** Confiamos en poder amosar ao público as nosas inquedanzas como colectivo, explorando novas propostas e tratando sempre de saír da nosa zona de confort.

•**Experimentación:** Consideramos necesario e valioso o proceso de investigación como parte da creación. Sabemos que os tempos, pola maneira en que funcionan os circuitos, son moi limitados, pero sempre buscamos reservar periodos para a investigación.

•**Denuncia social:** O teatro e a danza tamén serven como espello para reflectir a sociedade na que vivimos. As cuestións sociais que nos atravesan, tamén atravesan os nosos traballos.



CO-DIRECCIÓN TEXTO E DRAMATURXIA



Rafa Martínez

Director, escritor, deseñador gráfico, ilustrador e videógrafo, fómase na Escola de Arte Superior e Diseño Antonio Failde, de Ourense, e de maneira autodidacta.

Formado en xestión de comunidades virtuais, community management e marketing dixital por Academia Postal 3. Técnico Superior en Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear, compaxina o seu traballo en sanidade coa creación e a dirección escénica.

Dende 2021 traballa para a súa propia compañía, morraoconto e como deseñador, fotógrafo e videógrafo para diferentes festivais como USCénica, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, Plataforma Festival, Festival 6coreógrafas, compañías como Funboa Escénica, VACABURRA, a Aula de Teatro de la USC e artistas e performers como Ana Gesto, Miguel Gendre ou empresas como FINSA.

www.morraoconto.com

CO-DIRECCIÓN DIRECCIÓN COREOGRÁFICA E DE MOVEMENTO



Fotografía: Felipe Ayala

Esther Latorre

www.colectivoglovo.com

Galega de nacemento, completa a súa carreira graduándose en danza contemporánea no Conservatorio Profesional de danza de Lugo, formando parte da primeira promoción de profesionais en danza contemporánea de Galicia, diplomándose tamén en Maxisterio de Educación Física na mesma cidade. Foi merecedora do Premio á excelencia como intérprete de danza contemporánea.

Dende entón traballou con compañías en España e Portugal, destacando a compañía Madiuxa Teatre como intérprete da peza "Mulier" galardonada co Premio Max á Mellor Espectáculo de Rúa, Premio Moritz Mellor Estrea de Carrer 2016, Premio Umor Azoka 2017 (País Vasco) e Premio Artes Escénicas Valencianas del IVC en 2018) así como en diversas coproduccións co Centro Coreográfico Galego.

Foi tamén merecedora do primeiro premio no Certame Coreográfico Delmar (Valencia), gañadora do premio á Mellor Intérprete en Danza Contemporánea no 11º Certamen de danza Gerard Collins e foi alumna becada na Anton Bruckner Privat universität für Musik, Tanz und Schauspiel de Linz, de Austria. Tamén foi merecedora da Bolsa DanceWEB no Impulstanz de Viena, Austria no 35º Certamen Coreográfico de Madrid.

Co-dirixe as residencias artísticas e de investigación Atopémonos Bailando de Lugo e o festival Cartografía en Movemento, tamén de Lugo.

En 2025 foi coreógrafa e bailarina da gala de Premios Mestre Mateo en Lalín.



Lara Pouso

Graduada en Maxisterio, fórmase na aula de teatro da USC, participando nas montaxes Cinzas (2015), Cousas que trouxo a chuva (2016), Pasar por Nida (2017) y A muller que tiña medo e marchou vivir ao Carrefour (2018).

Participa, tamén, en Historia do Cardenio e Cabaré Salomé, de GN Teatro. Cabaré Salomé gañou o primeiro premio Xuventude Crea 2016.

En 2018 protagoniza a courta Peixes Voadores de P. Torregrosa.

En 2023 aparece na película "Os Amantes de Abrente", da Televisión de Galicia.

En 2024 participa no spot anual da Lotería de Nadal como reporteira.

Actualmente traballa con Títeres Cachirulo, Nauta Teatro e a súa propia compañía, morraoconto.

www.larapouso.com



Miguel Gendre

Graduado en Educación Social, fórmase nas aulas de teatro e danza da USC con Roberto Salgueiro e Amparo Novas, e en intensivos con profesionais como Sharon Fridman, Marta Pazos, Lucas Condró, La Macana, Iker Gómez, Lali Ayguadé, Vero Cendoya, Lisard Tranis, Joel Beddows, Vicente Fuentes ou Ana Vallés.

Participa nas montaxes: Agamenón, Apnea, A Historia de Sweeney Todd, Cinzas, Dystopia, Cabaré Salomé e nos "Actos e as Profecías" do Centro Dramático Galego.

Viene de recibir las residencias artísticas "Atopémonos Bailando" con el proyecto "Vesper Lux", junto a Juanma Lodo.

En audiovisual protagoniza dúas curtas, dirixidas por Ghaleb Jaber e Jorge Guimerá, participa no filme "Marilyn" (en posproducción) de VegayRöel Producciones, e colabora en videoclips de A Banda da Loba, Tanxugueiras, Davide Salvado, Som do Galpón ou Gaëlo.

www.miguelgendre.com



Lidia Veiga

Licenciada pola ESAD de Galicia na especialidade de Interpretación Xestual, traballou en audiovisual en series como "A Lei de Santos" e "Método Criminal" (TVG), e en máis de 15 curtas diferentes. Durante estos anos recibiu premios á mellor interpretación feminina en diferentes festivais audiovisuais tanto nacionais como internacionais.

Estreou traballos como "Os Argonautas e a moeda de ouro" (serie infantil producida por Portocabo, RTVE y ClanTV) aos filmes "Matria" de Álvaro Gago, "El Tirabeque" de Darío Autrán ou "Cando Toco un Animal" de Ángel Filgueira, a súa primeira película como actriz protagonista e pola que foi nominada aos Premios Mestre Mateo.

En 2023 participou en "Un hotel de primeira sobre o río" do Centro Dramático Galego, e foi nominada aos premios Maria Casares como Mellor Actriz Secundaria. Ese mesmo ano arranca xira por España coa obra de teatro IRIBARNE, co-producida por ButacaZero e o Centro Dramático Nacional, despois de estar un mes de funcións na Sala Valle-Inclán de Madrid, e sendo candidata aos premios MAX á Mellor Interpretación Femenina por dita obra. En 2025 gaña o María Casares á mellor actriz protagonista por esta peza.

En 2025 comeza xira con TROMSØ, de morraoconto.



Julia Ammerman

Doutora en Dereito (cum laude) pola USC, Graduada Profesional en Piano polo *Conservatorio de Música de Santiago* e Graduada Profesional en Órgano polo *Conservatorio de Música de Ourense*.

Organista na Orquestra Universitaria da USC, participa en pezas como *Magnificat*, de Bach, *Gloria*, de Vivaldi ou o musical *Sweeney Todd*.

Como pianista participa en *Cinzas*, *Cousas que trouxo a chuva* e *Cabaré Salomé* por teatros de Galicia, Andalucía, Lituania e Portugal; e en diferentes concertos como organista por Santiago, Ourense e León.

Ven de recibir numerosos premios, como o *Xuventude Crea 2016* na modalidade de teatro, mellor espectáculo por *Cousas que trouxo a chuva* en Lituania, premio do xurado ao mellor espectáculo na MITEU de Ourense; así como a Beca Leonardo para Investigadores e Creadores Culturais co seu proxecto "*Artistas marxinais: propostas de regulación xurídica para un colectivo esquecido*", Fundación BBVA (2022-2024).



Lucía Iglesias

Comeza os seus estudos musicais dea man de Luis Caballero no seu pobo natal. Posteriormente accede ao Conservatorio Superior de música de A Coruña onde estuda actualmente.

Paralelamente aos seus estudos neste centro completa a súa formación con Raúl Mirás e asiste a diferentes cursos e masterclass con profesores como David Cruz, Fernando Arias ou Angel Luis Quintana entre outros.

Ao longo dos seus estudos colabora con orquestras como a Gaos ou a orquestra de la EAEM e forma parte da Alto Minho Youth Orchestra.



DESEÑO DE ILUMINACIÓN

José Faro "Coti"

Deseñador de escenografía e iluminación dedicado ás artes escénicas dende o ano 2015. Traballa para diversas compañías e produtoras de Galicia dando soporte na parte plástica e técnica, ofrecendo un rexistro de gran variedade de formatos no eido das artes escénicas e musicais. A súa traxectoria nos últimos anos lévaos a estar nomeado cinco veces aos Premios María Casares nas categorías de Mellor Escenografía e Iluminación, así como a asinar deseños para espectáculos de longo percorrido a nivel nacional como Fariña. No ano 2021 emprende un proxecto de laboratorio para as artes escénicas e performativas, coa vontade de afondar na relación entre creador e obra dende a investigación e o desenvolvemento de técnicas e tecnoloxías aplicadas. En 2024 foi responsable da escenografía para peza "Os Actos e as Profecías", do Centro Dramático Galego, así como da Iluminación da mesma que asina xunto a Ivan Casal.

TRO-
MSØ



UNHA PRODUCCIÓN DE:

MORRAOCONTO



DISTRIBUCIÓN GALICIA

Miguel Gendre 679 453 776

CONTACTO

-  www.morraoconto.com
-  [@ciamorraoconto](https://www.instagram.com/ciamorraoconto)
-  facebook.com/morraoconto
-  ciamorraoconto@gmail.com

Co apoio de:



Colaboran:

